

ANUNCIO RESULTADO DEFINITIVO E PROPOSTA DE APROBADOS E NOMEAMENTO NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DE TÉCNICO/A MEDIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (OEP 2022)

PRIMEIRO: Considerando o disposto nas bases de selección 8.3 que veñen rexendo o proceso selectivo:

“A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición.”

“O Tribunal publicará no lugar de realización do último exercicio e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa a relación de aspirantes aprobados, por orde de puntuación, non podendo superar estes o número de prazas convocadas, e elevará a devandita relación á Presidencia da Corporación, para o seu nomeamento. O órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes que, superando todos os exercicios, sigan ao proposto, para o posible nomeamento en caso de renuncia ou situación de excedencia sen reserva de praza, para poder realizar nomeamentos interinos nos casos e circunstancias legalmente previstos no TREBEP.”

SEGUNDO: Procede publicar os resultados finais das persoas que teñen superado o proceso de selección dunha praza de Técnico/a Medio de Normalización Lingüística da Administración Especial do subgrupo A2:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO	PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO	PUNTUACIÓN VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
VALENTINA MARÍA VEIGA ALONSO	21,6	22,05	12,8	56,45
MARÍA ROCIO LOUREIRO ABALO	19,8	24,05	1,7	45,55



TERCEIRO : En consecuencia procede elevar á Alcaldía-Presidencia a proposta de nomeamento a favor de Dna. Valentina María Veiga Alonso.

CUARTO: Procede incluir como candidata aprobada en lista de agarda a Dna. María Rocío Loureiro Abalo.

QUINTO: A candidata proposta polo Tribunal para ocupar a praza convocada deberá achegar, no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do Tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada, que serán os indicados na base 3 das bases xerais desta convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou, no seu caso, do pasaporte ou de calquera outro documento acreditativo da nacionalidade.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite a realización e superación dos estudos completos necesarios para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación polas autoridades españolas.
- c) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non atoparse inhabilitados ou en situación equivalente nin ter sido sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.
- d) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social
- e) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.



- f) Formulario de comunicación de datos como empregado público e xestión de nómina, disponible na sede electrónica, Modelo 10001, con identificación de número de conta bancaria con vinte díxitos.

Dita documentación pode achegarse a través da sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa: sede.vilagarcia.gal

O que se fai público para xeral coñecemento

Vilagarcía de Arousa, 6 de xuño de 2024

A Secretaria do Tribunal

